



C

Compostela
Cultura

XORNADAS
DE MÚSICA
**CONTEMPO-
RÁNEA 2022**

01-22/06/2022

Poñer o foco

As Xornadas de Música Contemporánea teñen o obxectivo de promover e difundir as últimas tendencias e a innovación da música contemporánea, poñéndoa en valor ao carón dos xa considerados clásicos do século XX. Nesta edición das xornadas mantemos a mesma liña de traballo e colaboración institucional que caracterizou as edicións precedentes e así, ademais da Universidade de Santiago de Compostela, o Centro Galego de Arte Contemporánea e o Concello de Santiago de Compostela a través do Auditorio de Galicia, contamos de novo coa aportación da Deputación da Coruña, do Consorcio de Santiago e doutras institucións musicais locais.

Ademais, neste 2022 as Xornadas contan coa participación da JONDE, Joven Orquesta Nacional de España, como Orquesta Residente. Os máis novos e novas, arredor do lema 'Poñer o foco', repasarán a música contemporánea en dous concertos de ensemble contemporáneo, en colaboración co Plural Ensemble, e tres de cámara. Será un paseo polos últimos 25 anos de parte da creación musical contemporánea no que os instrumentos clásicos da JONDE se mesturarán coas novas tecnoloxías, ao igual que pasará no resto das propostas que completan o programa. Compositoras e compositores de varias xeracións con estéticas e camiños ben diferentes conflúen en varios programas nos que a electrónica, o vídeo ou a danza terán un papel relevante.

JOVEN ORQUESTA NACIONAL DE ESPAÑA - JONDE

PROXECTO ENSEMBLE DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

Equipo académico/artístico:

Fabián Panisello, **director**

Pablo Rus Broseta, **director asistente**

Rui Borges, **frauta**

Antonio Lapaz, **clarinete**

Elies Moncholi, **trompa**

Juan Carlos Matamoros, **trombón**

Dimitri Vassilakis, **piano e teclados electrónicos**

César Peris, **percusión**

Ema Alexeeva, **violín**

Mikolaj Konopelski, **violonchelo**

Lucas Rössner, **fagot, contrafagot e contraforte**

Xocas Meijide, **clarinete contrabaixo**

Andrés Gomis, **saxofón**

PROXECTO DE CÁMARA DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

Equipo académico/artístico:

Alberto Rosado, **piano e dirección do proxecto**

José Luis Estellés, **clarinete**

Miquel Bernat, **percusión**

Hara Alonso, **composición e piano**



1 xuño_Sala Ángel Brage, Auditorio de Galicia, 20.30 h

CARTOGRAFÍA DO PLURAL Rosa Fernández, comentarios ao programa, 19.30 a 20.15 h

JONDE FOCUS (SÉCULOS XX/XXI)

Ensemble (1)

Georg Friedrich Haas (1953): La Profondeur (2009) (Estrea en España)

Kaija Saariaho (1952): Solar (1993)

Fabián Panisello (1963): Solstice (2013)

Steve Reich (1936): City Life (1995)



2 xuño_Sala Mozart, Auditorio de Galicia, 20.30 h

CARTOGRAFÍA DO PLURAL Rosa Fernández, comentarios ao programa, 19.30 a 20.15 h

JONDE FOCUS (ANOS 2008/2013)

Cámara (1)

Hannah Kendall (1984): Vera (2008)

Carlos D. Perales (1979): Types of blue (2015)

Missy Mazzoli (1980): Set that on fire (2013) (Estrea en España)

Jesús Torres (1965): Cuarteto con clarinete (2009/2021) (Estrea absoluta da versión con clarinete)

Pierre Jodlowski (1971): Coliseum (2008)



3 xuño - Sala Mozart, Auditorio de Galicia, 20.30 h

CARTOGRAFÍA DO PLURAL Rosa Fernández, comentarios ao programa, 19.30 a 20.15 h

JONDE FOCUS (ANOS 2015/2018)

Cámara (2)

Elena Mendoza (1973): Fremdkörper/ Variationen (2015) (Estrea en España)

Georgina Derbez (1968): De ser intangible (2017)

Ramon Humet (1968): Lluny (2015)

Nuria Giménez (1980): Modulations mecaniques (2015-16)

Raquel García-Tomás (1984): Tiempo Suspendido (Estudio Sonomecánico núm. 1) (2018)



4 xuño_Sala Mozart, Auditorio de Galicia, 20.30 h

CARTOGRAFÍA DO PLURAL Rosa Fernández, comentarios ao programa, 19.30 a 20.15 h

JONDE FOCUS (ANOS 2018/2022)

Cámara (3)

Abel Paúl (1984): Tierra y centro de la tierra (2018)

Nuria Núñez (1980): Migraciones (2019)

Hara Alonso (1990): Möbius (2022) (Estrea absoluta. Encargo da JONDE)

José Manuel López (1956): La casa de las cigüeñas (2018)



5 xuño_Sala Ángel Brage, Auditorio de Galicia, 20.30 h

CARTOGRAFÍA DO PLURAL Rosa Fernández, comentarios ao programa, 19.30 a 20.15 h

JONDE FOCUS (SÉCULOS XX/XXI)

Ensemble (2)

Inés Badalo (1989): Iridiscencia (2018/19)

Philip Cashian (1963): Concerto de Cámara (1995) (Estrea en España)

Alicia Díaz de la Fuente (1967): Los acantilados de Jaizkibel, para frauta solista e orquestra de cámara (Estrea absoluta. Encargo da JONDE)

Péter Eötvös (1944): Stein (2006)



8 xuño_CGAC, 20.30 h | Conversa co compositor Diego Jiménez 19.00 a 19.30 h

MARÍA DOMÍNGUEZ - PASAKA

Fran MM Cabeza de Vaca (1976): Music from somewhere para pianista sen piano (2017)

Gérard Pesson (1958): La lumière n'a pas de bras pour nous porter para piano amplificado (1994/95)

Vykintas Baltakas (1972): Pasaka para piano e electrónica en vivo (1995)

Sarah Nemtsov (1980): Seven thoughts her kind para voz amplificada e teclado (2018)

Diego Jiménez Tamame (1990): Vaporwave, deadly lasers and crab raves para keytar e electrónica (2022)

(Encargo de María Domínguez para as Xornadas. Estrea absoluta)



9 xuño_Sala Ángel Brage, Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA HOMENAXE A CARLOS LÓPEZ GARCÍA-PICOS

Darius Milhaud (1892-1974): O boi sobre o tellado, op. 58 (1920)

Carlos López García-Picos: Concerto para piano-fagot, cordas e percusión, A. 106 (2001) (Estrea absoluta)

Carlos López García-Picos: Sindy, A. 31 (1976)



10 xuño_Teatro Principal, 20.30 h

SIGNOS

György Kurtág (1926): Signs, Games and Messages para viola so

Johann Sebastian Bach (1685-1750): Partita núm. 2 BWV 1004 para violín solo (versión para viola)



14 xuño_Teatro Principal, 20.30 h

CLORINDAE, PERFORMANCE DE MÚSICA E DANZA

Katharina Rosenberger (1971): Bögen para piano a catro mans (2017)

Helena Winkelman (1974): Valse hypnotique (de Trois dances suisses) para piano a catro mans

Cecile Marti (1973): Wendung para piano a catro mans (2016)

Cathy van Eck (1979): Cheering for others makes you a leader para performer (2016)

Song No. 3 para performer (2010)

Celeste Oram (1990): toccata & bruise para piano e pianista (2016)

Jessie Marino (1984): Rot blau for two performers (2009)



16 xuño_Praza de Praterías, 20.00 h

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO NOVOS VIEIROS

Manuel Otero Paino (1982): Ápeiron (2022) (Estrea absoluta)

Raúl Martín Niñerola (1983): Iacobus -Symphony No. 1- (2020)

Miguel Rueda Carpio (1983): Sinfonía Galega (2020) (Estrea absoluta)

Israel Quintás Alonso (1985): A Pedra Moura (2016)



22 xuño_Sala Mozart, Auditorio de Galicia, 20.30 h

PIANO ARESTORA

Alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

Ánxela Cruz Saborido

Noriko Baba (1972): Harmonieux Forgeron (2006)

Hilda Paredes (1957): Las Estrellas (2003)

Karen Tanaka (1961): Northern Light (2002)

María Blanco Iglesias

George Crumb (1929-2022): A Little Suite for Christmas A.D. 1979 (1980)

Alisa Zhgenti

Dmitri Kourliandsky (1976): Surface (2007)

Sofia Gubaidulina (1931): Toccata-Troncata (1971)

Xiao Pereiro Souto

Pierre Jodlowski (1971): Typologies du regard (5 pieces for piano and stereo soundtrack, 2009-2011)

JOVEN ORQUESTA NACIONAL DE ESPAÑA

XMC2022





01-05 / 06

AUDITORIO DE GALICIA. 20.30 H

CARTOGRAFÍA DO PLURAL Rosa Fernández,
comentarios ao programa, 19.30 a 20.15 h

JONDE FOCUS

A Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), pertencente ao Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música (INAEM, Ministerio de Cultura y Deporte), foi creada en 1983 co propósito de formar ao máis alto nivel a músicos españois na etapa previa ao exercicio da súa profesión. O seu obxectivo prioritario é o perfeccionamento profesional e artístico dos seus músicos a través do estudio e a práctica do repertorio universal sinfónico e de cámara, por medio da celebración de varios Encontros anuais. Estes Encontros son tutelados por profesores e dirixidos por directores de recoñecido prestixio nacional e internacional, e culminan coa celebración de xiras de concertos, e a gravación dun xa extenso catálogo de CD's e DVD's. Ao longo dos seus 39 anos de vida, a JONDE contou con directores invitados como Carlo Maria Giulini, Vasily Petrenko, Jakov Kreizberg, Gianandrea Noseda, Christopher Hogwood, Fabio Biondi, Christian Zacharias, Jesús López-Cobos, Juanjo Mena, Josep Pons, Paul Goodwin, Gunther Schuller, Peter Rundel, Antoni Ros Marbá, Víctor Pablo,

Frühbeck de Burgos, Pablo González, Alberto Zedda, Arturo Tamayo, Günter Pichler, Lutz Köhler, Bruno Aprea, Cristóbal Halffter, Krzysztof Penderecki ou Edmon Colomer, entre outros, e colaborado con solistas como Mstislav Rostropovich, Christian Zacharias, Deszö Ranki, John Williams, Teresa Berganza, Juan Diego Flórez, Manuel Blanco, María Bayo, Pablo Sainz Villegas, Rafael Orozco o Asier Polo, entre moitos outros. A JONDE presentouse en numerosos auditorios e festivais españois, como os de Santander e Granada, a Semana de Música Religiosa en Cuenca, o Palau de la Música de Valencia, nas tempadas da Orquesta Nacional de España (ONE), a Orquesta Sinfónica de Barcelona y Nacional de Catalunya (OBC), a Orquesta Filarmónica de Gran Canaria (OFGC) e no ciclo "Orquestas del Mundo" de Ibermúsica, entre outras. É destacable a súa colaboración co Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM), co Festival Internacional de Música de Alacante e a tempada do Auditorio de Zaragoza. A proxección no estranxeiro da JONDE abarcou nestes anos xiras por Bélxica, Francia,

Alemaña, Italia, Reino Unido, Austria, Portugal, Luxemburgo, Holanda, Rusia, Ucraína, Estonia, Romanía, Hungría, Estados Unidos, Venezuela e República Dominicana, actuando en salas de concertos como Carnegie Hall (Nova York), Royal Albert Hall (Londres), Concertgebouw de Ámsterdam, Théâtre des Champs Elysées (París), Filharmónica e Konzerthaus am Gendarmenmarkt de Berlín, Filharmónica de San Petersburgo, Radio Kulturhaus de Viena, Kongress Palais - Stadthalle Kassel e o Ateneo Romanés de Bucarest. Así mesmo, a JONDE foi invitada a festivais internacionais como o BBC Proms (Londres), Schleswig-Holstein Musik Festival (Salzau, Alemaña), Festival Young Euro Classic (Berlín), Robecco Zomerconcerten (Ámsterdam), World Expo Hannover (Alemaña), Expo Lisboa'98 (Portugal), Festival Kultursommer Nordhessen (Kassel, Alemaña), Varã Magica Festival (Bucarest), Festival Enescu Şi Muzica Lumii (Sinaia, Romanía), Aberdeen International Youth Festival (Reino Unido), Chester Summer Music Festival (Reino Unido), Festival España-Venezuela (Caracas), Touquet International Music Masters (Francia), Festspiele

Mecklenburg-Vorpommern, Musikfestspiele Saar, Opernfestspiele Schloss W eikersheim, estes últimos en Alemaña. Ao longo da súa traxectoria, a JONDE ten desenvolvido numerosos proxectos complementarios á súa actividade principal, como as Academias de Música Barroca ou Música Contemporánea, a figura de Compositor en Residencia, o encargo de obras a novos compositores a través da Fundación SGAE e a Asociación Española de Orquestas Sinfónicas (AEOS), e a participación en programas de intercambio de músicos, especialmente a través da European Federation of National Youth Orchestras (EFNYO) e os Sistemas de Orquestas Juveniles Hispanoamericanos (Programa Iberorquestas). Entre os seus colaboradores e patrocinadores teñen contado co apoio das Fundacións BBVA, Caja Madrid, Hazen e Coca-Cola. A JONDE foi dirixida por Edmon Colomer (1983-1995), Llorenç Caballero (1996-2000) e polo compositor José Luis Turina (2001 - 2019). Desde o 1 de marzo de 2020, a Directora Artística da JONDE é a violinista e pedagoga española Ana F. Comesaña Kotliarskaya.

PluralEnsemble

PluralEnsemble é un conxunto instrumental especializado na música dos séculos XX e XXI, fundado por Fabián Panisello, o seu director titular. Buscando sempre a máis alta calidade interpretativa, desenvolve anualmente unha tempada estable de concertos e xiras, alternando o repertorio máis exixente de solista con obras para conxunto. Por undécimo ano consecutivo desenvolve o Ciclo de Concertos Fundación BBVA de Música Contemporánea no Auditorio Nacional de Música de Madrid e o Ciclo de Solistas Fundación BBVA na súa sede do Palacio do Marqués de Salamanca. Realiza habitualmente xiras nacionais e internacionais. Ao longo da súa traxectoria participou con gran éxito de crítica e público nos principais festivais internacionais especializados, como son New Music Week de Shanghai, Sound Ways de San Petersburgo, Musica de Estrasburgo, Atempo de Caracas, Présences de París, Ars Musica de Bruxelas, Manca de Niza, Spaziomusica de Cagliari, Aspekte de Salzburgo, IFCP Mannes de Nova York, Festival de Música de Alacante, Quincena Musical de

San Sebastián, ciclo da WDR de Colonia, Nous Sons del Auditori de Barcelona, Festival de Outono de Varsovia, Ultraschall, Konzerthaus de Berlín e Klangspuren Schwaz de Tirol, entre outros. Colabora con artistas como Peter Eötvös, Salome Kammer, Hilary Summers, Cristóbal Halffter, Marco Blaauw, Jörg Widmann, Dimitri Vassilakis, Nicholas Isherwood, Alda Caiello, Allison Bell, José Manuel López López, Siegfried Mauser, Jorg Widman, Wolfgang Lischke, Cristian Baldini, Nicolas Altstaedt, Zsolt Nagy, César Camarero, Jon Ketilsson, Pablo Márquez, Charlotte Hellekant, Matthias Pintscher, Hansjorg Schellenberger, Tadeusz Wielecki, Lorraine Vaillancourt, Marco Angius, Natalia Zagorinskaya, Peter Csaba, Johannes Kalitzke, Luis de Pablo ou Toshio Hosokawa. Ten realizado numerosas gravacións para diversas emisoras de radio europeas (WDR, RBB, RNE, RF, ORF, RTBF ou a Radio Polaca entre moitas outras), así como gravacións discográficas para os selos Col legno, Columna Música, Verso, Cervantes e NEOS.



© Silvia Gómez Cisneros

Fabián Panisello

Fabián Panisello, compositor e director arxentino-español, coñecido internacionalmente na escena da música contemporánea pola alta calidade da súa obra. En palabras de Karlheinz Stockhausen: “cheo de ideas, intenso e desbordante de enerxía (...) estou moi feliz de ver que o espírito de Webern continúa vivindo dun modo transformado”. Fabián é director e fundador de PluralEnsemble, recoñecido como un dos ensembles de música contemporánea máis relevantes de Europa, con ciclos de concertos regulares en Madrid xunto á Fundación BBVA, xiras

nacionais e internacionais e ampla discografía. É profesor catedrático de Composición na Escuela Superior de Música Reina Sofía e profesor invitado do China Conservatory de Beijing. Anteriormente foi profesor de análise entre 1996 e 2000 e director académico da Escuela Superior de Música Reina Sofía e do Instituto Internacional de Música de Cámara de Madrid de 1996 a 2013, e director das mesmas institucións entre 2014 e 2019. É compositor residente e profesor de composición en clases maxistras de festivais e academias en Graz, Múnic, Nova York, Bos Aires, Davis (CA), Shanghai, Nanning, Beijing, Bogotá, México, Leuk (Suíza),

Xerusalén, Tel Aviv e Budapest, por citar algunhas. Formado por Francisco Kröpfl e Julio Viera en Bos Aires e con Bogusław Schaeffer no Mozarteum de Salzburgo (Magister Artium con premio de excelencia 1993), completou os seus estudos con Elliott Carter, Franco Donatoni, Brian Ferneyhough, Luis de Pablo e Peter Eötvös. Recibiu premios como o Mozarts Erben da cidade de Salzburgo, o Würdigungspreis do Ministerio de Educación, Ciencia e Cultura de Austria ou o Premio Iberoamericano de Composición Rodolfo Halffter de México. É membro da Academia Nacional de Bellas Artes de Arxentina. Nos últimos anos centrouse na composición de pezas dramáticas. A súa ópera *Le Malentendu* foi estreada en 2016 con gran éxito: “encontrámonos seguramente ante a mellor estrea de ópera nova do Teatro Real en moito tempo” (Tomás Marco); “Panisello posúe un moi especial talento para a escena, creando un teatro apaixonante con magnífica música” (Peter Eötvös). *Le Malentendu* foi coproducida polo Teatro Colón de Bos Aires, Festival de Outono de Varsovia, Neue Oper Wien, os Teatros del Canal e o Teatro Real de Madrid. A súa obra dramática máis


recente, o teatro musical multimedia *Les Rois Mages*, nunha coprodución internacional e con encargo da Fundación Ernst von Siemens a través do Centro Superior de Investigación e Promoción da Música e a Fundación Universidad Autónoma de Madrid, foi estreada en xaneiro de 2019 recibindo una gran acollida do público e a crítica, e na temporada 2019-2020 en cidades como Niza, Tel Aviv, Múnic, Viena e Klagenfurt, entre outras. Tamén recibiu encargos da Orquesta Nacional de España, Festival de Donaueschingen, Ensemble Modern, Goethe Institut, Orquesta de la Comunidad de Madrid, Fundación BBVA, Instituto Italiano de Cultura, Alte Oper Frankfurt, Secretaría de Cultura de Bos Aires ou Festival Takefu de Xapón. O seu trabalo foi recoñecido e apoiado por personalidades como Pierre Boulez, Luciano Berio ou Karlheinz Stockhausen, tendo colaborado en dúas estreas absolutas deste último coas orquestras da Westdeutscher Rundfunk de Colonia e a Deutsches Symphonie-Orchester de Berlín. Entre os intérpretes da súa obra figuran Pierre Boulez, Peter Eötvös, Susanna Mälkki, Leigh Melrose, Allison Bell, Marco Blaauw ou Francesco D’Orazio, e a Orquesta Sinfónica da BBC,

Deutsches Symphonie-Orchester de Berlín, a Orquesta do Mozarteum de Salzburgo, a Orquesta Nacional de España ou a Shanghai Symphony Orchestra, o Cuarteto Arditti ou Ensemble Modern. Participa nos principais festivais internacionais dedicados á música contemporánea, como Wien Modern, Munich Biennale, Présences, Ars Musica, Ultraschall, Aspekte, Manca ou Klangspuren Schwaz; e nas recentes temporadas foi invitado como director e compositor residente no Sound Ways Festival de San Petersburgo, no New Music Week Festival de Shanghái, no Festival Manca de Niza, no Centro Nacional de las Artes (CENART) de México, no Mestrado Fundación Barenboim-Said, o Bridges Festival del Konzerthaus de Viena, no China-ASEAN Music Festival ou na Academia Internacional de Verán do Mozarteum de Salzburgo. A súa discografía inclúe gravacións para NEOS, Col legno, Cypres, Verso e Columna Música. A súa obra está publicada por Peters.

Alberto Rosado

Nado en Salamanca en 1970, Alberto Rosado pertence a unha xeración de intérpretes formados nun repertorio

clásico e comprometidos dun xeito especial coa música contemporánea. Deu recitais nas principais cidades e festivais de Europa, América e Asia e ten actuado como solista coa Orquesta Nacional de España, Sinfónicas de Bamberg, RTVE e de Castela e León, Filharmónicas de Sevilla, de Gran Canaria, Ciudad de México, ORCAM, OFUNAM (México), Orquesta Sinfónica de Córdoba (Arxentina), JONDE, PluralEnsemble, UMZE (Budapest), Proyecto Guerrero e Modus Novus, e dirixido por Péter Eötvös, Susanna Mälkki, Josep Pons, Jonathan Nott, Fabián Panisello, Rafael Frühbeck de Burgos, Pedro Halffter, Arturo Tamayo, José Ramón Encinar, Zsolt Nagy, José Luis Temes, Massimo Quarta, Hadrian Ávila, Philip Greenberg e Carlos Riazuelo, entre outros. Estivo interesado na música contemporánea durante toda a súa carreira, pero é nestas dúas últimas décadas e media cando a súa actividade focalizouse na música de hoxe. Comeza entón unha estreita relación con compositores como Boulez, Lachenmann, De Pablo, Halffter, Hosokawa, Eötvös, López López e moitos outros, tanto na súa faceta de solista como na de membro de Plural Ensemble, do que forma parte desde 1999.



Actualmente, e froito dun intenso traballo de investigación, parte da súa actividade no terreo da música actual está dedicada á difusión de obras para piano e electrónica. Entre as súas gravacións destacan o *Concierto para piano y orquesta* e *os Movimientos para dos pianos y orquesta* de José Manuel López López coa Deutsches Symphonie

Orchester dirixida por Johannes Kalitzke, para Kairos; a obra completa para piano de Cristóbal Halffter e a de José Manuel López López con Verso, selo que tamén publicou un disco con obras de Messiaen, Ligeti, Takemitsu e Cage. Gravou tres monográficos, con Plural Ensemble, dedicados a Fabián Panisello (col legno), César Camarero (Verso) e José Manuel

López López (NEOS) ademais dun disco coa Orquesta Sinfónica de Castilla y León con obras de Antonio José para o selo Naxos. Tamén gravou *Dipolo*, xunto co violonchelista David Apellániz, dentro da colección “Compositores españoles y latinoamericanos de música actual” da Fundación BBVA en colaboración co selo Verso. Ademais ten interpretado co Plural Ensemble, o *Concerto para piano* de Ligeti, publicado por NEOS e a Fundación BBVA e con Claron McFadden gravou *Homenaje a Martha Graham* de Ramón Humet, cos poemas de Mario Lucarda e coa discográfica NEU. O seu proxecto máis ambicioso ata a data é *e-piano_video&electronics*, un CD-DVD distribuído polo selo IBS Classical coa colaboración da Fundación BBVA e coa música máis recente para piano, electrónica e vídeo de Fuentes, Paredes, Humet, Estrada, Edler-Copes, Morales-Ossío e Navarro. A súa gravación *Fin du Temps*, cos cuartetos de Messiaen e Takemitsu xunto a José Luis Estellés, Aitzol Iturriagagoitia e David Apellániz, editada por IBS-Classical, tivo o recoñecemento unánime da crítica nacional e internacional. O seu rexistro máis

recente é a música para trío dos irmáns Mendelssohn con Alejandro Bustamante e Lorenzo Meseguer para Play Classics. Durante catro anos foi profesor invitado da Universidad Católica de Santiago de Chile e da Universidad de Santiago, ao igual que do Centro Nacional de las Artes de México y de la UNAM en México D.F. É profesor de música de cámara, piano contemporáneo, imparte o mestrado de piano e coordina o Taller de música contemporánea no Conservatorio Superior de Música de Castela e León.

XMC 2022



MÉRCORES_08/06

CONVERSA CO COMPOSITOR
DIEGO JIMÉNEZ 19:00 - 19:30 H

CGAC. 20.30 h

PASAKA MARÍA DOMÍNGUEZ

PROGRAMA:

Fran MM Cabeza de Vaca (1976): Music from somewhere para pianista sen piano (2017)

Gérard Pesson (1958): La lumière n'a pas de bras pour nous porter para piano amplificado (1994/95)

Vykintas Baltakas (1972): Pasaka para piano e electrónica en vivo (1995).

Sarah Nemtsov (1980): Seven thoughts her kind para voz amplificada e teclado (2018)

Diego Jiménez Tamame (1990): Vaporwave, deadly lazars and crab raves para keytar e electrónica (2022) (Encargo de María Domínguez para as Xornadas. Estrea absoluta)



O concerto comeza co conto de fadas de Vykintas Baltakas, baseado na mitoloxía india: a creación do mundo e da noite, o nacemento da morte, as visións de Markandea, etc. En palabras de Baltakas, “alguén conta unha historia. Para el, para alguén máis. O importante é o desexo de contar a historia”.

María Domínguez

María é unha pianista especializada en música contemporánea. Desenvolve a súa carreira tanto como solista como en diferentes grupos orquestrais, música de cámara e proxectos interdisciplinares. Participou en festivais como: Festival Imaxes Sonores (Bruxelas), Parcours Musicaux (Lille), Festival de Limburgo e Festival de Música Sacra (Maastricht), Sons Creativos, Xornadas de Música Contemporánea e Festival Resis (Galicia), entre moitos outros. Foi galardoada e apoiada por numerosas institucións como Via Zuid Talenmakelaar, Schiting Cultural Entrepreneurship, Fundación Conservatorio Maastricht, Art Buro Limburg e Festival Peter de Grote. María finalizou o Mestrado en Interpretación de piano clásico no Conservatorio de Maastricht con cualificación de sobresáinte cum laude, a especialización “Contemporary music through non western techniques” no Conservatorio de Ámsterdam e o Posgrao de Música Contemporánea no Conservatorio de Gante. Actualmente forma parte do programa de Doutoramento da Universidad de Jaén.



XOVES_09/06

SALA ÁNGEL BRAGE,
AUDITORIO DE GALICIA. 20.30 H

HOMENAXE A CARLOS LÓPEZ GARCÍA-PICOS

PROGRAMA:

Darius Milhaud (1892-1974): O boi sobre o tellado, op. 58 (1920)

Carlos López García-Picos: Concerto para piano-fagot, cordas e percusión, A. 106 (2001) (Estrea absoluta)

Carlos López García-Picos: Sindy, A. 31 (1976)



A Real Filharmonía de Galicia conmemora o centenario do nacemento do compositor galego quen desenvolveu gran parte da súa actividade en Bos Aires, onde contactou coa intelectualidade galega. En Francia, estudou na Schola Cantorum e no Conservatorio Nacional de París. Foi o principal impulsor, socio e membro de honra da Asociación de Compositores de Galicia e mantivo na capital arxentina un compromiso constante coa comunidade galega.

Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia nace como un ambicioso proxecto cultural en Santiago de Compostela no ano 1996. Formada por 50 músicos e un equipo administrativo de 6 persoas, ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia. Paul Daniel é, desde 2013, o director titular e artístico da formación e Maximino Zumalave o seu director asociado. No ano 2020 Joana Carneiro incorpórase como principal directora invitada. Os obxectivos da RFG céntranse en difundir a música clásica en todo o territorio galego, buscando sempre as máis altas cotas de excelencia artística a través da colaboración con directores/as e instrumentistas do máis alto nivel e cun firme compromiso na estimulación do talento e a formación musical de nenos e novos.



Maximino Zumalave

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela. Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmair, as irmás Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.



Alex Salgueiro

Álex Salgueiro García (Madrid, 1984) é fagotista e contrafagotista na Orquestra Sinfónica de Galicia dende 2006 e colaborou con outras agrupacións como a Sinfónica de Navarra, Simfónica de les Illes Balears, a Filarmónica de Gran Canaria, a Real Filharmonía de Galicia, a do Gran Teatre del Liceu, ou a Orquestra Gulbenkian. Tamén actuou como solista coa Orquestra Gaos, o Taller Atlántico Contemporáneo e a OSG. Combina a vida orquestral cunha intensa actividade camerística con Zoar, grupo que no 2017 presentou unha dobre publicación de CD e partituras coa obra completa para quinteto de vento de Carlos López García-Picos, posteriormente presentada en Bos Aires. Recentemente completou un Mestrado en investigación musical na Universidade Internacional de Valencia cun traballo de investigación sobre o Concerto para piano-fagot deste mesmo compositor. É profesor do Centro Superior de Música de Galicia e impartiu cursos e clases maxistras en cidades como Santiago de Compostela, Ourense, Cádiz, Pamplona ou Zaragoza.



Javier Ares

Javier Ares Espiño (Ourense, 1979) é Doutor pola USC e Catedrático de piano no CSM da Coruña. Comezou os seus estudos de piano en Betanzos con Carlos López García-Picos, continuando no Conservatorio Superior de Música da Coruña baixo a dirección de Natalia Lamas. Posteriormente ampliou os seus estudos no Centro Superior de Ensinanza Musical Katarina Gurska recibindo clases dos pianistas Alexander Kandelaki e Nino Kereselidze. Desenvolve unha ampla actividade como solista e como integrante de grupos de cámara en diversas formacións. É membro da Irmandade da Música Galega e do Grupo de Investigación Organistrum da USC, co que participou en varios proxectos I+D+i. Entre as súas publicacións destaca a monografía Carlos López García-Picos. *Música a orillas del Atlántico* (2016), co editada pola USC, Xunta de Galicia e Concello de Betanzos.



VENRES_10/06
TEATRO PRINCIPAL
20.30 H

SIGNOS

Dirección musical e interpretación:
Isabel Villanueva

Dirección escénica, coreografía e
interpretación: Antonio Ruz

Deseño de Iluminación: Olga García - AAI

Vestuario e escenografía: Compañía
Antonio Ruz

Acompañamento artístico: Julián Lázaro

Producción: Paola Villegas, Gabriel Blanco -
Spectare

Distribución: Valeria Cosi - Tina Agency

Comunicación e prensa: Marta Baeza -
La Locomotora

Fotografía: Agustín Hurtado

Vídeo: BuenaSombraFilms

Fotografía e vídeo *making of*: La Famosa
Productora

Co apoio do C.C Sanchinarro, Madrid.

Coa axuda do Centro de Cultura
Contemporánea Conde Duque

PROGRAMA:

György Kurtág (1926): Signs, Games and Messages para viola so

Johann Sebastian Bach (1685-1750): Partita núm. 2 BWV 1004 para violín solo (versión para viola)



A orixe deste proxecto nace do desexo da violista Isabel Villanueva e o coreógrafo Antonio Ruz por colaborar nunha obra escénica multidisciplinar que abra unha nova xanela á música clásica e á danza contemporánea. Cun concepto estético e un deseño de iluminación depurados, a bela e complexa arquitectura sonora das pezas/miniaturas musicais de György Kurtág e Johann Sebastian Bach interpretadas por Isabel, fundiranse coa partitura corporal proposta por Antonio; unha dramaturxia que navega entre o onírico, o poético e o inquietante.



Isabel Villanueva

A prestixiosa revista *The Strad* cualificaa como “unha artista que arrisca” e *Pizzicato Magazine* descríbea como “unha artista sensible que sabe mergullarse no máis fondo da música”, Villanueva defende a música con paixón dando a coñecer o seu instrumento con voz propia unido ás súas carismáticas interpretacións, de gran expresividade e beleza sonora, que conectan inmediatamente co público. Isabel Villanueva desenvolve unha intensa carreira que a levou a tocar con importantes orquestras de Latinoamérica, Rusia, Oriente Medio, China e Europa. En 2013 converteuse na primeira intérprete de viola internacional en ofrecer recitais en Irán. Intensa, vital e imaxinativa, realiza unha desbordante actividade como concertista, pedagoga, investigadora, estreando obras contemporáneas, realizando proxectos de música de cámara con prestixiosos colegas e, poñendo en marcha o seu propio festival Pamplona Re Classics. Os importantes premios recibidos avalan a súa fulgurante traxectoria e a súa desbordante enerxía e talento, Premio El Ojo Crítico de la Música Clásica de RNE 2015 e Premio Cultura de Música Clásica 2019 que outorga a Comunidade de Madrid, entre outros, Villanueva é unha das violistas máis valoradas e completas da actualidade. Como solista actuou con prestixiosas orquestras incluíndo os Solistas de Moscú, Orquestra Sinfónica Nacional de Estonia, Orquestra Sinfónica RTVE, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Orquestra Filarmónica de Jalisco, Orquestra Sinfónica Estatal Novaya Rossiya, Solistas de Zagreb, Orquestra Filharmónica de Líbano, Orquestra Sinfónica Estatal de Estambul, entre moitas outras, baixo a batuta de Michel Plasson, Jacek Kasprzyk, Yaron Traub, Paul Daniel, Andres Mustonen, Christian Vásquez e Lior Shambadal. Presentouse en importantes salas e festivais incluíndo a Sala Grande da Filharmónica de San Petersburgo, Xinghai Concert Hall en Guangzhou, Bath Music Festival, Slovenian Philharmonic Hall, Auditorio Nacional de Música de Madrid, Palau de la Música Catalana, Palau de Valencia, Festival Lavaux Classique, Royal Court Theatre de Copenhagen, Sociedad Filarmónica de Lima, Auditorio León de Greiff de Bogotá, Estonia Concert Hall, Assembly Hall de Beirut, Rottweil Musikfestival, Wigmore Hall de Londres e Roudaki Hall en Teherán. O seu primeiro álbum *Bohèmes* recibe moi boas críticas de medios nacionais e internacionais (*Pizzicato Magazine*, *The Strad*, *Scherzo Excepcional*, *Melómano de Oro*, Top 10 da revista *Ritmo...*) e consolídase recibindo o premio ao mellor álbum de Música Clásica do ano nos Premios MIN de la Música Independiente 2018, sendo a primeira vez que un álbum de viola recibe este galardón. Isabel Villanueva toca cunha viola Enrico Catenar (Turin 1670).

Antonio Ruz

Coreógrafo e bailarín independente, Antonio Ruz é na actualidade, e desde hai anos, un dos creadores máis destacados da danza no país. O seu discurso, que desenvolve á fronte da súa propia compañía fundada en 2010, ou con interesantes colaboracións para reputadas agrupacións nacionais e internacionais, susténtase nun acentuado interese polo carácter máis aberto da danza. Naceu en Córdoba en 1976 e na súa cidade natal formouse en flamenco, danza española e ballet clásico. Inicia a súa carreira profesional no Ballet Víctor Ullate e en 2001 ingresa no Ballet del Gran Teatro de Xenebra. Un ano máis tarde ingresa no Ballet da Ópera de Lyon e en 2006 regresa a España para formar parte da Compañía Nacional de Danza (Nacho Duato). As súas dúas primeiras coreografías, *1Calvario* e *Cebolla/Oignon*, presentáronse nas Noites de Novos Coreógrafos do Ballet de Xenebra. Nese mesmo período crea e interpreta xunto a Bruno Cezario, *Heidi*, estreada en Río de Xaneiro (Brasil) e o solo *Pilampo*, estreado e interpretado por Sora Lee na Gala of the Stars Korea Dancers 05. As colaboracións, con outros artistas e incluso con outras disciplinas, son unha constante no discurso deste coreógrafo. Nesta liña, desde 2007 e ata a actualidade, colabora coa Sasha Waltz & Guests (Berlín), participando como bailarín, coreógrafo e repetidor en varias creacións e producións así como en diversos traballos de Juan Kruz Diaz de Garaio Esnaola co que ademais concibe *Vaivén* (2014). Tamén desde 2007, comeza unha prolífica colaboración coa compañía de danza española Estévez-Paños & Compañía cos que crea a peza *Danza 220V* (2010). Ruz participou como coreógrafo en pezas teatrais dirixidas por Andrés Lima e Miguel del Arco. En 2010 crea Madrid a súa propia compañía de danza coa que continua desenvolvendo o seu discurso de corte e resultado ecléctico e a súa particular relación coa música, a miúdo en directo, identidade do discurso de obras como *Ignoto* (2011), *Libera Me!* (2012), *À L'espagnole, fantasía escénica* (2015), *Recreo.02* (2015), *Beautiful Beach* (2015) ou *Double Bach* (2016). *No Drama* (2010), *Ojo* (2012) ou *Presente* (2018) son outros dos seus traballos. Ruz é creador do espectáculo *Electra* (2017) para o Ballet Nacional de España. Invitado polo Festival de Zúric, crea as pezas multidisciplinares *Chagall Konzerte* (2018) na Igrexa de Fraumünster coa colaboración especial de Meret Meyer, neta do pintor. Dirixe o proxecto pedagóxico *L'OBC balla Ravel* (2019) para L'Auditori de Barcelona. Coreógrafo da zarzuela *El Barberillo de Lavapiés* (2019) con dirección de Alfredo Sanzol. Recibe o encargo do Museo de la Universidad de Navarra para dirixir o proxecto creativo *Transmutación* (2019). Entre as mencións e galardóns que debuxan a súa traxectoria, figuran o Premio Nacional de Danza 2018 na Categoría de Creación e o Premio Ojo Crítico de Danza 2013, de RTVE. Ruz é membro da Academia de las Artes Escénicas de España.



MARTES_14/06
TEATRO PRINCIPAL
20.30 H

CLORINDAE, PERFORMANCE DE MÚSICA E DANZA

PROGRAMA:

Katharina Rosenberger (1971):

Bögen para piano a catro mans (2017)

Helena Winkelman (1974): Valse hypnotique
(de Trois dances suisses) para piano
a catro mans

Cecile Marti (1973): Wendung para piano
a catro mans (2016)

Cathy van Eck (1979):

Cheering for others makes you a leader
para performer (2016)

Song No. 3 para performer (2010)

Celeste Oram (1990): toccata & bruise
para piano e pianista (2016)

Jessie Marino (1984): Rot blau for
two performers (2009)

As creadoras deste proxecto entraron en contacto coa historia de Clorinda a través do madrigal teatral de Claudio Monteverdi *Il combattimento di Tancredi e Clorinda*. Inspirándose nesta muller guerreira do poema épico de Torquato Tasso *La Gerusalemme liberata*, esta performance toma a figura de *Clorinda* como símbolo da resiliencia feminina. A base temática do proxecto xira en torno á pregunta 'Qué significa ser unha muller guerreira hoxe en día?'

Este espectáculo combina música de compositoras con danza contemporánea nun intento de retratar a loita das mulleres na sociedade actual. Creemos que a arte pode ser unha arma poderosa para concienciar sobre a omnipresencia da misoxinia na vida cotiá.

Clorindae explora as conexións entre a interpretación musical e a expresión física para crear unha experiencia performativa interdisciplinar.



Sinforosa Petralia

Nada en Trapani en 1988, estudiou co profesor Pietro De Maria na Scuola di Musica di Fiesole e co profesor Claudio Martínez Mehner na Hochschule für Musik Basel. Gañou premios en varios concursos como Tonino Pardo, Città di Balestrate, Nuovi Orizzonti, G. Rospigliosi, Talent Factory. Ten tocado como solista con orquestras como a Galileo Galilei Orchestra, Kammerorchester Basel, Orchestra Sinfonica del Teatro Massimo, Orchestra Sinfonica Siciliana. É especialmente activa no eido da música de cámara, sendo membro de conxuntos como o premiado Made in Trio e o Ensemble Container (centrado na música contemporánea). Tamén forma dúo co fagotista Gordon Fantini, elixido na plataforma Classeek. Actualmente traballa como acompañante das clases de fagot e saxofón na Hochschule für Musik Basel, baixo a dirección de Sergio Azzolini e Marcus Weiss.

Rosalía Lasheras

Nada en 1994, Rosalía estudia con Alan Weiss no Conservatorio de Utrecht e con Claudio Martínez Mehner e Anton Kernjak na Hochschule für Musik Basel. Ademais, estuda fortepiano con Edoardo Torbianelli e clavecín con Jörg Andreas Bötticher na Schola Cantorum Basiliensis. Tras gañar o Concurso da Young Pianist Foundation de Ámsterdam, debutou en salas como o Concertgebouw de Ámsterdam, o Tivoli Vredenburg de Utrecht, o Palau de la Música Catalana, a Ópera d'O Cairo, o Konzerthaus de Dortmund e a Herkulessaal de Múnic. Traballou como solista con directores como Philippe Herreweghe e orquestras como a Sinfónica de Galicia, a Noord Nederlands Orkest, a Orquestra Sinfónica d'O Cairo, a Duisburger Philharmoniker e a Orquestra Sinfónica de Basilea. É invitada regularmente a festivais de música de cámara e música contemporánea como as Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela, o Festival Storioni de Eindhoven, o Festival de Música Antigua de Utrecht, o Festival de Música de Cámara de Suíza, o Festival de Música de Cámara de Wissemburgo, etc.

Patrizia Lo Sciuto

Bailarina e coreógrafa siciliana formada no Instituto Rencontres Internationales de danse contemporaine de París baixo a dirección de Françoise e Dominique Dupuy. Tamén estudou o repertorio da Trisha Brown Dance Company e participou como bailarina no proxecto *11 fugas* de Bernd Uwe Marszan, solista da compañía Pina Bausch.

Formou parte da residencia no CCN Preljocaj en Aix en Provence e en Annonay no Studio chorégraphique La Baraka para crear en 2019 o espectáculo *Has Human*. Desde 1995 é coreógrafa e bailarina da compañía Moto Armonico Danza, con sede en Sicilia. Os seus espectáculos amosáronse en Italia, Francia, Alemaña e Sudamérica. A compañía Moto Armonico Danza caracterízase pola continua investigación e experimentación sobre a relación entre a música e a danza e a interacción entre bailaríns e músicos.





XOVES_16/06
PRAZA DE PRATERÍAS
 20.00 H

NOVOS VIEIROS

Banda Municipal de Música
 de Santiago

David Fiuza Souto, director

PROGRAMA:

Manuel Otero Paino (1982): Ápeiron (2022) (Estrea absoluta)
 Raúl Martín Niñerola (1983): Iacobus -Symphony No. 1- (2020)
 Miguel Rueda Carpio (1983): Sinfonía Galega (2020) (Estrea absoluta)
 Israel Quintás Alonso (1985): A Pedra Moura (2016)

Dentro do Ciclo Sinexrías incluído na temporada 2021/22 titulada Camiños Sonoros, a Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela ofrece un programa de música contemporánea de autoría ou temática integramente galega, con azos de poñer en valor o patrimonio galego máis actual, e tamén de rachar o estereotipo de que a música galega que se toca nas bandas é maioritariamente tradicional ou popular.



Banda Municipal de Música de Santiago

É unha das máis antigas de Galicia, xa que naceu en 1848 e perdura nos nosos días. Como centro de formación de instrumentistas, a ela acudiron durante moitos anos os nenos acollidos na Casa Hospicio, paliando en parte as restricións educativas no ámbito musical que sufría a poboación infantil máis desfavorecida e que en moitos casos supuxo un medio de vida para moitos deles. Durante os primeiros anos é unha agrupación de afeccionados, ata que en 1876 o Concello decide facerse cargo dela e comeza a profesionalizarse. Nesa época redáctase un regulamento para o seu funcionamento. Unha das súas actividades máis importantes eran os concertos, denominados paseos, na Alameda ou na Rúa do Vilar, o que supón o traslado da música dos seráns privados a un ámbito público onde pode gozar del a cidadanía de todos os estamentos sociais. Actúa tamén nas festas e nas procesións de Semana Santa. Na actualidade realiza os seus concertos no Teatro Principal e Auditorio de Galicia, Praza da Quintana, Praza das Praterías, Alameda e outros lugares e barrios da cidade na temporada de verán. Conta con 36 compoñentes e a súa actividade baséase fundamentalmente nos concertos dominicais ao longo de todo o ano, concertos de verán os xoves e domingos, concertos didácticos en período lectivo nos que participan centos de escolares de Santiago e da bisbarra, intercambios e actos culturais e protocolarios.

David Fiuza Souto

David Fiuza Souto (Vila de Cruces-Pontevedra, 1985) inicia os seus estudos de música na escola da Banda Artística de Merza. Con 15 anos comeza estudar dirección co mestre Marcel van Bree e posteriormente fórmase principalmente cos mestres Jan Cober e José Rafael Pascual Vilaplana. Obtén o Grao Superior de Clarinete no Conservatorio Superior de Música de Vigo, o Grao Superior "Bachelor" de Dirección de Banda no Conservatorium Zuyd Muzik de Maastricht (Holanda) e o Grao Superior de Dirección de Orquestra e Coro no Conservatorio Superior "Joaquín Rodrigo" de Valencia; tamén realizou estudos superiores de composición. Foi director titular da Banda Unión Musical de Meaño (2007-2013), Banda Sinfónica do CIM "La Armónica" de Buñol (2014-2017), Mallorca Saxophone Ensemble (2012-2017), Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas (2016-2017), Banda Artística de Merza (2017-2019), Banda de Lalín (2019-2021), Banda Municipal de Lugo (2021, en excedencia). En calidade de director convidado ten



dirixido: Banda Municipal de A Coruña, Banda Municipal de Santiago, Banda Sinfónica Municipal de Madrid, Banda Municipal de Palma de Mallorca, Norwegian Wind Ensemble, Runfunk Bläserorchester Leipzig, Banda Municipal de Pontevedra, Banda Municipal de Ourense, Orquestra Sinfónica da Companhia Portuguesa da Ópera, Orquestra Filharmónica de Pontevedra, Orquestra do CIM La Armónica de Buñol, Orquestra Xoven Vigo 430, Camerata Arven, Serenade Ensemble, Cor Valencià de Clarinets, e diversas bandas amateur e agrupacións sinfónicas de proxectos pedagóxicos en Galicia, Cataluña, Comunidade Valenciana e Portugal. Actualmente é director titular da Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela (2021) e da Gran Canaria Wind Orchestra (2016).



MÉRCORES 22/06
SALA MOZART, AUDITORIO
DE GALICIA. 20.30 H

PIANO ARESTORA

PROGRAMA:

Alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

Ánxela Cruz Saborido

Noriko Baba (1972): Harmonieux Forgeron (2006)
Hilda Paredes (1957): Las Estrellas (2003)
Karen Tanaka (1961): Northern Light (2002)

María Blanco Iglesias


George Crumb (1929–2022): A Little Suite for
Christmas A.D. 1979 (1980)

Alisa Zhgenti

Dmitri Kourliandsky (1976): Surface (2007)
Sofia Gubaidulina (1931): Toccata-Troncata (1971)

Xiao Pereiro Souto

Pierre Jodlowski (1971): Typologies du regard
(5 pieces for piano and stereo soundtrack, 2009-2011)





Piano Arestora é un proxecto pedagóxico que ten entre os seus obxectivos principais difundir o repertorio actual entre o alumnado do CMUS Profesional de Santiago, espertar o seu interese cara novas propostas estéticas e proporcionarlle a oportunidade de vivir experiencias prácticas o máis achegadas ás profesionais. O proxecto vencéllase á materia optativa de Fundamentos de Música Contemporánea dirixida polo profesor David Durán e desenvolveuse na súa aula de piano.



CGAC

CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA



www.compostelacultura.gal